

**Acta núm. 08/2025.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 13 de maio de 2025.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13:00 horas do 13 de maio de 2025, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 07/2025, DO 29/04/2025.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.

4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.

5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.

6º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE VAO PERMANENTE.

FORA DA ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO: PROXECTO DE EXECUCIÓN DE MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED NO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 07/2025, DO 29/04/2025.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 29.04.2025, acta núm. 07/2025.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RICARDO PAIS ESPARÍS, na que comunica que vai limpar e encintar un muro de mampostería granítica, que está en contacto coa vía pública, no lugar de Esparís nº 4 – Viceso.

A parcela (referencia catastral 1164203NH2416S0001KS) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural dentro da área consolidada pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 39,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 104,27 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DOLORES SELLES FERREIRO, na que comunica que vai limpar a cuberta e pintar as fachadas da vivenda sita na Urbanización Monte Devesa nº 51 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6246126NH2464N0001ED) onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 120,88 euros.

Total: 120,88 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por VICENTE CASAL ROMERO, na que comunica que vai realizar obras na cuberta da vivenda de Soutullos nº 7 – Bastavales, consistentes en substituír as tellas necesarias por outras de similares características, aos efectos de reparar as filtracións de auga.

A edificación (referencia catastral 7525402NH2472N0001BY) onde pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 74,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN CAMIÑO REY, na que comunica que vai substituír a cobertura de tella cerámica curva dun alpendre de 42 m²., anexo á vivenda de Lamiño nº 42 – Brión.

A parcela (referencia catastral 6559408NH2466S0001WO) na que se pretenden executar as obras emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº 2, e sitúase na aldea de Lamiño que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como (BE-6), e en base ao disposto na letra a) do apartado 2 do artigo 45 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O acabado da cuberta do alpendre ten que ser en tella cerámica curva.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 26,18 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 90,75 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA LOURDES TURNES GUILLERMES, na que comunica que vai arranxar a cuberta dunha vivenda sita no lugar de Forxán nº 8 – Viceso, substituíndo a tella de cerámica existente por outra nova de similares características.

A edificación onde se van realizar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM, e atopase dentro da zona de protección de varios elementos integrados no catálogo do PXOM de interese cultural: Aldea de Forxán (VE1) e Castro de Forxán (XA9).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 26.04.2025 (expediente XTC-2025-0801.AUI) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras axustaranse á condición imposta na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 26.04.2025 (expediente XTC-2025-0801.AUI), no relativo ao material a empregar, que deberá de ser tella cerámica curva.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo

363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 100,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 164,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE BOUZAS ESPARÍS, na que comunica que vai realizar labores de mantemento e conservación da cuberta dun alpendre emprazado na aldea de Esparís – Viceso, consistentes en substituír seis chapas de fibrocemento rotas (18 m²), por outras novas de similares características.

A parcela (referencia catastral 1164201NH2416S0001MS) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ GONZÁLEZ CAAMAÑO, na que comunica que vai executar obras de substitución da carpintería exterior da vivenda unifamiliar emprazada na Urbanización Agro Novo nº 64 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6346701NH2464N0009JZ) emprázase sobre un ámbito de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 164,30 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 228,87 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Miguel Ángel Mosquera Pereiro, que di actuar en representación de ANA MARÍA NIETO CORTÉS, na que comunica que vai instalar placas solares (4) para autoconsumo, de xeito coplanario sobre a cuberta dunha edificación tradicional destinada a garaxe/almacén sita en Vidalloiso – Bastavales, consonte coa memoria técnica asinada polo instalador autorizado, Miguel Ángel Mosquera Pereiro en data 07.03.2025. A parcela (referencia catastral 8918303NH2481N0001OH) onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (ordenanza NRL-1), e sitúase na aldea de Vidalloiso que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, clave XBE5.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 26.04.2025 (expediente XTC-2025-0803.AUI) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberase axustar á condición imposta na resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 26.04.2025 (expediente XTC-2025-0803.AUI), “que a instalación dos paneis sexa coplanaria coa cuberta”.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 55,82 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 120,39 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AGUSTÍN MIRAMONTES CURROS, na que comunica que vai executar as seguintes obras no lugar de O Cabo – Os Ánxeles:

- Construír un alpendre de 50 m² construídos, para gardar apeiros de labranza, de cuberta plana, cunha porta e unha fiestra, situado a 3 metros do linde, na parcela con referencia catastral núm. 7549112NH2474N0001MJ.
- Construír un peche de tres filas de bloques de formigón e celosía metálica por enriba, de aproximadamente 40 metros lineais, e altura máxima 1,80 metros dende a rasante natural do terreo, na parcela con referencia catastral núm. 7549108NH2474N0001FJ.

As parcelas onde se van realizar as obras están clasificadas como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte do peche en contacto coa vía pública situarase mínimo a 4 metros do eixe do vial.
- A parte cega do peche e as fachadas do alpendre quedarán convenientemente revestidas e pintadas.

- O alpendre en ningún caso poderá destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que conte con instalacións propias das vivendas.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 210,66 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 275,23 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS, na que comunica que vai reparar un peche de 26 m. de lonxitude aproximadamente, no lugar de Vioxo de Abaixo 9 - Luaña. As obras a executar consisten en colocar algunhas pedras caídas do peche, lavalas e encintalas e pintar a reixa metálica existente na mesma cor.

A parcela (referencia catastral 1441301NH2414S0001PQ) onde se van realizar as obras está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM, e atópase dentro da aldea de Vioxo de Abaixo, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como LE2, e, en base ao artigo 45.2.f) da Lei 5/2016 de Patrimonio cultural de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 40,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 104,57 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Lourdes Peñalver Martínez, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para instalar un poste sobre a vía pública, pegado ao peche da parcela, para facilitar a acometida da infraestrutura de telefonía á vivenda emprazada no lugar de Ombre nº 9 - Viceso, segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico de telecomunicacións Francisco Pérez Montesinos, presentado o 02.05.2025 (proxecto nº 8665725).

A parcela á que se pretende dar o subministro de telefonía (referencia catastral 0572901NH2407S0001IW) está dentro dun ámbito de solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM para as áreas non consolidadas pola edificación da zona oeste (NRO-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 150,00 €.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha edificación destinada a taller de vehículos emprazada no lugar de Trasouteiro nº 2 - Brión, abrindo unha gabia de 23 metros de lonxitude sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Francisco David Lainez Sánchez, asinado con data 10.03.2025.

A edificación obxecto de subministro (referencia catastral 5268903NH2456N0001KB) aséntase sobre unha parcela clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 09.04.2025 (expediente XTC-2025-0693.AUI) e do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 288,51 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 57,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 122,27 euros.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA DEL CARMEN FREIRE CES, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita en Vilanova – Os Ánxeles, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Marcos García Vázquez, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña e Pontevedra con data 24.04.2025 (visado 20250065-1.M).

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral núm. 7641603NH2474S0001PW.

Superficie: 3.747 m² (según medición recente).

Lindes:

Norte: Pilar Bargo Botana.

Sur: Eladio Crisman Carbia.

Leste: vial público.

Oeste: Margarita Señorís Bargo e Pilar Bargo Botana.

Sobre dita finca existen catro corpos edificadas, non inscritos no rexistro, e cunha superficie total ocupada das construcións de 343 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación do PXOM (NRL-1).

SEGREGACIÓN PRETENDIDA:

Parcela A.

Superficie neta: 2.915 m².

Lindes:

Norte: Pilar Bargo Botana e Parcela B.

Sur: Eladio Crismán Carbia.

Leste: vial público.

Oeste: Pilar Bargo Botana e Margarita Señorís Bargo.

Sobre dita finca permanecen catro corpos edificadas, non inscritos no rexistro, e cunha superficie total ocupada das construcións de 343 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

Parcela B.

Superficie neta: 761 m².

Lindes:

Norte: Pilar Bargo Botana.

Sur: parcela A.

Leste: vial público.

Oeste: Pilar Bargo Botana.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1).

Parcela cesión.

Superficie: 71 m².

Lindes:

Norte: Pilar Bargo Botana.

Sur: Eladio Crismán Carbia.

Leste: vial público.

Oeste: parcela A e parcela B.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de 71 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 193,71 euros.

Total: 193,71 euros.

QUINTO .- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de DAVID FERNÁNDEZ TABOADA, solicitando licenza para o cambio de uso dun local comercial a vivendas, na Avda. de Noia 38 - Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.01.2025 (expte. 2500058).

O local comercial onde se van executar as obras (referencia catastral 6349310NH2465S0052YT) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes desfavorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Non conceder a licenza solicitada para o cambio de uso dun local comercial a vivendas na Avda. de Noia 38 - Os Ánxeles, xa que segundo os informes da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, a actuación solicitada non cumpre as condicións do artigo 76 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas e non cumpre as condicións do punto. 3.3.3.4 do PXOM do Concello de Brión, segundo o cal os edificios comerciais, categoría 1º, con máis do 60% da súa superficie destinada a usos comerciais, como é o caso, poden destinar o resto a outros usos, excepto o de vivenda.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por JUAN MANUEL LÓPEZ SÁNCHEZ, solicitando licenza de obras, para o cambio de uso dun almacén a uso comercial en Buio nº 1 - Os Ánxeles, segundo proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico industrial Roberto Carlos Ozores Nine, con data 20 de maio de 2024, e documentación complementaria asinada con data 05.06.2024.

A nave onde se van executar as obras (referencia catastral 6147314NH2464N0001SD) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1) e atópase en situación de non compatible plenamente co planeamento, e, en base ao artigo 90 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, existe a posibilidade de cambio de uso a calquera dos usos permitidos pola ordenanza o normativa urbanística que resulte de aplicación, sen máis obras que as mínimas e imprescindibles, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto técnico asinado polo enxeñeiro técnico industrial Roberto Carlos Ozores Nine, con data 20 de maio de 2024, e documentación complementaria asinada con data 05.06.2024.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa para o inicio da actividade, segundo a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación:

- Documento acreditativo do final de obra.
- Informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga potable e saneamento (Espina & Delfín).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 27,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 236,82 euros.
- Total: 263,82 euros.

SEXTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE VAO PERMANENTE

a) Deuse conta dunha instancia asinada por SEBASTIÁN RUBÉN FERNÁNDEZ BERAUN, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de vao permanente núm. 02/2010, sito na Avda. dos Ánxeles nº 34-D, concedida pola Xunta de Goberno Local anteriormente a nome de Javier Ares Garrido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de vado permanente núm. 02/2010 sito na Avda. dos Ánxeles nº 34-D, a nome de Sebastián Rubén Fernández Beraun.

2º) Notificar este acordo ao interesado, e dar traslado a tesourería para ter en conta na confección do padrón fiscal.

FORA DA ORDE DO DÍA:

Consonte cos artigos 83 e 113 do R.O.F. e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade acordouse a inclusión do seguinte asunto na orde do día:

1. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO: PROXECTO DE EXECUCIÓN DE MELLORA DA E.E. MEDIANTE TECNOLOXÍA LED NO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR.

Dada conta da proposta da alcaldía do 13.05.2025, que transcrita di:

1.- Mediante providencia da alcaldía do 12.05.2025 iniciouse o procedemento para contratar a obra de: Proxecto de execución de mellora da E.E. mediante tecnoloxía led no alumeado público exterior, de data outubro de 2024, asinado polo enxeñeiro técnico de minas e enerxía, colexiado 3.059, José Luis González Sánchez, cun orzamento total de contrata de: 2.770.899,96 euros, IVE incluído, e realizar a contratación por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, mediante anuncio no perfil de contratante do concello que se aloxa na Plataforma de Contratación do Sector Público, declarándose de tramitación urxente de conformidade co disposto no artigo 119 da LCSP por ser preciso acelerar a súa adxudicación por razóns de interese público para non perder a subvención concedida polo IDAE ao abeiro da Orde TED/388/2023, do 29 de Marzo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (B.O.E. núm. 95, do 21 de Abril) consistente nun préstamo reembolsable sen xuros, ordenando emitir os informes preceptivos.

As obras responden á necesidade de acometer a renovación da iluminación pública e comprende varias actividades integradas, que inclúen a substitución de luminarias existentes por tecnoloxía Led, a modernización e adecuación dos cadros de mando e control, así como o redeseño e mellora da infraestrutura lumínica en diversas áreas do municipio. Estas actividades son esenciais para mellorar a eficiencia enerxética e a calidade da iluminación pública, sendo necesario para o cumprimento das competencias municipais.

Fundamentos de Dereito.

1. A aprobación dos pregos é competencia do órgano de contratación (art. 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).
2. A forma de adxudicación deste contrato será por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática.
3. O artigo 117 da LCSP regula a aprobación do expediente de contratación.

4. O valor estimado do contrato supera os límites cuantitativos establecidos no apartado 1º da Disposición Adicional Segunda da LCSP, polo que corresponde a competencia para a súa contratación a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, segundo acordo plenario do 29.06.2023.

Vistos os informes preceptivos de secretaría e de intervención, no uso das atribucións que me confiren as disposicións en vigor, propoño a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **acordo:**

1º) Aprobado a declaración de urxencia na tramitación deste expediente e aprobar o expediente de contratación e iniciar a licitación por procedemento aberto, con varios criterios de adjudicación, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante.

2º) Aprobado os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que constan no expediente

3º) Autorizar o gasto con cargo á aplicación: 165.61900, coa seguinte condición suspensiva: o contrato debe estar formalizado antes do 18 de xuño de 2025. No caso contrario se perdería o financiamento do IDAE quedando imposibilitado a execución deste contrato.

4º) Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.

5º) Do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de Servizos na primeira sesión que celebre para os efectos previstos no artigo no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Aprobado a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,35 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González